

Falece a poeta María do Carme Kruckenberg aos 88 anos de idade

Redacción | 16 de Maio de 2015



Foto: AELG

A prolífica escritora, considerada “unha das voces máis libres e potentes da poesía galega de todos os tempos”, deixa un inmenso legado literario.

A poeta **María do Carme Kruckenberg** faleceu este sábado, véspera do Día das Letras Galegas, aos 88 anos de idade. A prolífica escritora, considerada “unha das voces máis libres e potentes da poesía galega de todos os tempos”, deixa un inmenso legado literario.

Entre as decenas de títulos, destacou sempre a súa faceta poética, desde que **comezara a fiar os primeiros versos con tan só 14 anos**. Unha vocación literaria que levouna a trazar amizade cos membros máis destacados da intelectualidade da súa xeración.

Socia de honor da Asociación de Escritoras en Lingua Galega, da que fora vicepresidenta, a obra de Kruckenberg recibiu numerosos premios, entre eles a Medalla de Galiza, a Medalla Castelao ou o Premio Laxeiro en 2011.

“A poeta viguesa morreu tranquila e sen dor, coa mesma calma coa que sempre soubo vivir a súa vida arrebatada e plena”, asegura nun comunicado a Editorial Galaxia, que publicou a biografía *Vivir, unha aventura irrepetíbel*, escrita man a man por **Mercedes Queixas Zas** e a propia Kruckenberg.

Os restos mortais da poeta foron trasladados o tanatorio de Pereiró, na súa cidade natal. Logo dunha breve cerimonia relixiosa, celebrárase este domingo as 18 horas unha homenaxe cívico-poética.